

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 20 DE ABRIL DE 2011.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 13 horas do día 20 de abril de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE).

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA. (PSG-PSOE).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. (PP).

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

NON ASISTE:

D^a. MARÍA DO CARME ROBLEDO MUIÑA. (BNG).

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN DO 26.03.2011 (EXTRAORDINARIA)
E 26.03.2011 (EXTRAORDINARIA URXENTE).

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2011 AO 15.04.2011.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODELOS DE DECLARACIÓN PARA O REXISTRO DE INTERESES.

4º) DACIÓN DE CONTA E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO ESCRITO PRESENTADO POR PERSOAL DO CONCELLO.

5º) MOCIÓNS.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 26.03.2011 (EXTRAORDINARIA) E 26.03.2011 (EXTRAORDINARIA URXENTE).

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 26 de marzo de 2011(extraordinaria) e 26 de marzo de 2011(extraordinaria urxente).

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobalas sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 11.02.2011 AO 15.04.2011.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

11.02.11.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 15 de febreiro.

11.02.11.- Aprobación da solicitude de subvención "Acondicionamento de dous tramos de beirarrúas emprazadas dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipal sito en Lamiño", polo importe de 26.950,82 €

14.02.11.- Solicitude de adhesión do Concello ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais.

14.02.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 15 de febreiro.

14.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 24,76 euros (Mª Pilar Rodríguez Bugallo).

14.02.11.- Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza de animador cultural.

14.02.11.- Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza de mestre de educación infantil.

14.02.11.- Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza de monitor deportivo.

- 14.02.11.- Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza de traballadora social.
- 14.02.11.- Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza de xefe de protección civil.
- 14.02.11.- Devolución do aval bancario polas obras de Saneamento en Mato, á empresa Espina y Delfín S.L., por importe de 7.990,63 euros.
- 14.02.11.- Devolución do aval bancario polas obras de Saneamento en Soutullos, á empresa Espina y Delfín S.L., por importe de 990,15 euros.
- 14.02.11.- Devolución do aval bancario polas obras de Saneamento en Ardións-Goiáns, á empresa Espina y Delfín S.L., por importe de 2.497,55 euros.
- 14.02.11.- Devolución do aval bancario polas obras de acondicionamento e seguridade vial nas parroquias de Os Anxeles e Boullón, á Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A., por importe de 7.162,18 euros .
- 14.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 1/2011.
- 14.02.11.- Aprobación da memoria valorada: “Mellora e adaptación da antiga Casa do Concello e da Casa de Cultura para a instalación da nova biblioteca municipal e dunha sala de exposicións”, e realización das obras por administración.
- 14.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 2/2011.
- 15.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 3/2011.
- 15.02.11.- Aprobación das bases do concurso de disfraces do Entroido 2011.
- 15.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.514 euros (Teatro del Andamio, S.L e Ludmila Orlova Dmitrieva).
- 15.02.11.- Aprobar o texto do convenio “Programa Vacacións en Paz 2011”.
- 15.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.200 euros (Agrupación folclórica “Colexiata do Sar”).
- 15.02.11.- Aprobación da solicitude de subvención para o proxecto “Limpeza e mantemento de aldeas”.
- 15.02.11.- Pago do importe de 100,93 euros a favor da Axencia Tributaria para dar cumprimento a unha dilixencia de embargo.
- 16.02.11.- Devolución do pago do ICIO das parcelas A e B da Urbanización Villa Amalia á empresa Alsotri S.L por importe de 112.125 euros.
- 16.02.11.- Devolución do aval bancario depositado para responder do Proxecto de equidistribución. Plan Parcial URB-1, á empresa Alsotri S.L., por importe de 13.516 euros.
- 17.02.11.- Liquidación de taxas da XGL do 15 de febreiro.
- 17.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 4/2011.
- 18.02.11.- Aprobación da solicitude de subvención para o proxecto “Xestión de residuos”.
- 18.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.405,60 euros (facturas varias).
- 18.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 5/2011.
- 18.02.11.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 6/2011.
- 21.02.11.- Nomeamento do funcionario Luciano Pena Andrade, como secretario accidental.
- 21.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 462,88 euros (Estación de Servizo Manzaneda).

- 21.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 53,10 euros (Centyc Europa).
- 22.02.11.- Contratación do servizo “AVALIACIÓN DO I PLAN E ELABORACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE BRIÓN”, á empresa EDESGA por importe de 8.496 €, IVE incluído.
- 22.02.11.- Contratación da obra “INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO NA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL”, á empresa PAVIGALIA SL, por un importe de 7.149,62 €
- 22.02.11.- Contratación da obra “RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS VARIAS DA CASA DA CULTURA E DA ANTIGA CASA DO CONCELLO”, á empresa IEC REBOREDO SL, por un importe de 6.057,20 €
- 22.02.11.- Adxudicación á empresa HALCON VIAJES SAU, do contrato de servizos de: VACACIÓNS PARA TERCEIRA IDADE 2011 EN PAIS VASCO E SUR DE FRANCIA, por un importe máximo de 42.900 €
- 22.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 120 euros (taxa Xunta de Galicia).
- 22.02.11.- Adhesión ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de protección e promoción de saúde.
- 23.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.952,38 euros (Asociación Catalana Casas de Colonias).
- 23.02.11.- Aprobación da certificación nº 7 da obra de Construción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe total de 118.088,88 euros.
- 24.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 394,47 euros (Papelería Xiz SL).
- 24.02.11.- Contratación da obra “INSTALACIÓN DE TRANSFORMADOR PARA A PISCINA CUBERTA MUNICIPAL”, á empresa MANUEL RODRÍGUEZ LEMA SL, por un importe de 41.359,63 €
- 24.02.11.- Contratación do subministro de “MOBILIARIO PARA A NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL”, á empresa DISMODULO SL, por un importe de 12.444,86 €
- 24.02.11.- Incorporación ao SERVIZO DE XANTAR NA CASA dun veciño deste Concello.
- 25.02.11.- Solicitud de axudas para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías.
- 25.02.11.- Adxudicación á empresa BARBATANA SL a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS CULTURAS 2011.
- 25.02.11.- Adxudicación á empresa BARBATANA SL a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS DEPORTIVAS 2011.
- 25.02.11.- Adxudicación á empresa BARBATANA SL a execución do contrato de servizos de: ESCOLAS MUSICAIS 2011.
- 25.02.11.- Aprobación expediente modificación crédito MC 7/2011.
- 28.02.11.- Pago de nóminas.
- 28.02.11.- Pago de gratificacións a un laboral.
- 28.02.11.- Pago de gratificacións a un funcionario.
- 28.02.11.- Recoñecemento de trienios.

28.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.385,88 euros (Telefónica España).

28.02.11.- Aprobación da liquidación do Orzamento do exercizo 2010.

01.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 561,44 euros (Telefónica Móviles).

01.03.11.- Aprobación expediente modificación crédito MC 08/2011.

01.03.11.- Aprobación expediente modificación crédito MC 09/2011.

02.03.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondentes ao mes de febreiro de 2011.

02.03.11.- Aprobación expediente modificación crédito MC 10/2011.

02.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 207,80 euros (facturas varias).

03.03.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de febreiro 2011.

03.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 45,91 euros (CP Agro Novo).

04.03.11.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes aos Padróns do Lixo dos anos 2007, 2008, 2009 e 2010 a nome de D. Julio Segundo Crespo Quevedo.

08.03.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 9 de marzo.

07.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 243,90 euros (anuncio DOGA).

07.03.11.- Decreto de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

07.03.11.- Decreto de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

08.03.11.- Altas no Padrón de Habitantes do mes de febreiro.

08.03.11.- Baixas no Padrón de Habitantes do mes de febreiro.

08.03.11.- Autorización para examinar o expediente do punto limpo ao voceiro do PP.

08.03.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo de 2011.

08.03.11.- Adhesión do Concello e apoio ao proxecto Promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética (PEACE) 2011/2013.

09.03.11.- Comunicando ao voceiro do PP que os terreos da carballeira gozan dunha presunción de titularidade pública municipal.

09.03.11.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que rexerán o "CONTRATO DE SERVIZO BANCARIO DE CONTA CORRENTE SEPARADA PARA O PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2011".

10.03.11.- Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 14 de marzo.

10.03.11.- Contratación do subministro de "6 APARELLOS BIOSALUDABLES A UBICAR NO PARQUE DE LAMIÑO, PARROQUIA DE BRIÓN" á empresa ALCOMTE GALICIA SL, por un importe de 4.999,46 €

10.03.11.- Cesión temporal dun local de Agro Novo a un garda civil.

10.03.11.- Aprobación da liquidación da XGL celebrada o 8 de marzo.

11.03.11.- Recepción das obras de Saneamento na Avenida de Noia-Gundín e seguridade vial en Gundín.

11.03.11.- Aprobación da solicitude de subvención para o proxecto de Diversas Obras de Actuacións na Rede de Saneamento Municipal.

11.03.11.- Autorización para celebrar o 19 de marzo de 2011 os festexos de San Xosé no lugar de A Igrexa-Bastavales.

14.03.11.- Declarando deserta a licitación do procedemento aberto da xestión do servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión por non se ter presentado ningunha proposición.

14.03.11.- Aprobación das xustificacións das subvencións concedidas a Asociación de emigrantes retornados da Mahía polo importe total de 480,00 euros e Asemblea de Cooperación pola Paz polo importe total de 353,00 euros.

14.03.11.- Devolución de fianza da obra "Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Lamiño nº 33 ", a Luis Sumay Vidal polo importe de 1.200,00 euros.

15.03.11.- Declaración de caducidade das inscricións no Padrón Municipal de Habitantes deste concello por non ter renovada a súa inscrición padronal.

15.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 103.503,41 euros (facturas varias).

15.03.11.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao Padrón do Lixo do ano 2009 que figura a nome de D. José Luís Sánchez Jato.

15.03.11.- Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico.

16.03.11.- Formular oposición ao recurso de apelación PO 552/2009 sendo recorrente María López Duarte.

16.03.11.- Devolución da fianza da obra "Urbanización de catro vivendas sitas no lugar de Guitiande, Os Anxeles ", a AUGASMESTAS INVERSIÓNS DE RURAL SL polo importe de 11.200,00 euros.

16.03.11.- Solicitudes de incorporación e baixa nas actividades para a terceira idade, presentadas dende o 13 de xaneiro ao 15 de marzo de 2011.

16.03.11.- Contratación do servizo de "REFORZO TEMPORAL DO PERSOAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL", á empresa SOCYSER-COESCO DEZA, polo importe de 2.107'74 €

16.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 297,66 euros (HELVETIA CIA SUIZA S.A.).

17.03.11.- Inclusión no Inventario Municipal de Bens o subministro de "BOMBEO EN NINÁNS", por un importe de 8.060,82 €

17.03.11.- Aprobación da constitución da Entidade Urbanística de Xestión do Solo Urbanizable URB-1 Villa Amalia.

17.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 129,80 euros (Cable Europa SAU).

17.03.11.- Concesión á empresa La Peregrina Ames S.L., do fraccionamento do pago da débeda tributaria.

18.03.11.- Contratación do servizo de "ASESORAMENTO TÉCNICO-XURÍDICO EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS", á empresa "GALIVALIA CONSULSTGO S.L.", por un importe mensual de 1.180 €

- 18.03.11.- Adxudicación á empresa NOVACAIXAGALICIA da execución do contrato "SERVIZO BANCARIO DE CONTA CORRENTE SEPARADA PARA O PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2011".
- 21.03.11.- Convocatoria Comisión de Servizos e Contas a celebrar o 24 de marzo.
- 21.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 161,08 euros (Estación de Servizos Manzaneda S.A.).
- 21.03.11.- Inclusión no Programa Municipal de Transporte Colectivo Gratuíto, presentadas neste Concello entre os días 16 de decembro de 2010 e o 15 de marzo de 2011.
- 21.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 370,20 euros (Cable Europa SAU).
- 22.03.11.- A non autorización da utilización dos locais solicitados polo BNG xa que as eleccións locais aínda non foron convocadas.
- 22.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 8.580 euros (Viajes Halcon SAU).
- 22.03.11.- Participación no proxecto REDE XIANA 2 ("Xestión Integral, Accesibilidade, Novas Tecnoloxías e Adaptabilidade no mercado laboral galego").
- 23.03.11.- Contratación da obra de "SOTERRADO DE LIÑA AÉREA DE BAIXA TENSIÓN E ACOMETIDA DE ABASTECIMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A NOVA CASA DO CONCELLO", á empresa MALGA SL, por un importe de 7.568,75 €.
- 23.03.11.- Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 26 de marzo.
- 23.03.11.- Aprobación da certificación nº 8 da obra de Construción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe total de 83.873,71 euros.
- 23.03.11.- Aprobación da certificación nº 9 da obra de Construción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe total de 144.810,63 euros.
- 24.03.11.- Imposición de 200 € ao responsable dunha infracción de tráfico.
- 24.03.11.- Liquidación dos recibos correspondentes a inserción de publicidade na revista Altamira.
- 24.03.11.- Aprobación da solicitude de subvención para a contratación dun socorrista para as piscinas do Concello de Brión.
- 24.03.11.- Baixa no Padrón de Habitantes do Concello de Brión.
- 24.03.11.- Baixa no servizo de xantar na casa dun veciño.
- 25.03.11.- Convocatoria sesión extraordinaria urxente do Pleno a celebrar o 26 marzo.
- 25.03.11.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde D. Ramón Rodríguez Romarís desde o 27 de marzo ata o 3 de abril.
- 25.03.11.- Autorización e disposición do gasto, e expedir a orde de pago sen a debida xustificación da obriga pola cantidade de 500,00 €, gastos para a viaxe cultural ao País Vasco.
- 28.03.11.- Aprobación do inicio de expediente e bases para a contratación do persoal laboral temporal: 3 capataces e 9 peóns do GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.
- 28.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.377,99 euros (Telefónica España).
- 29.03.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (Dirección Xeral de Tráfico).
- 30.03.11.- Recoñecemento trienio a un funcionario.

- 31.03.11.- Pago nóminas do mes de marzo.
- 31.03.11.- Pago gratificacións a un laboral.
- 31.03.11.- Pago gratificación a un funcionario.
- 31.03.11.- Pago de produtividade.
- 31.03.11.- Liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de abril.
- 01.04.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 422,49 euros (facturas varias).
- 04.04.11.- Anulación, en execución de sentenza, da resolución pola que se ordenou a D. Manuel Celestino Basante Grobas a demolición das obras de ampliación sen licenza nun edificio situado en Vilanova-Brión.
- 04.04.11.- Incoación de expediente de reposición da legalidade a D. Manuel Celestino Basante Grobas, en relación coa obra executada sen licenza municipal consistente na ampliación da edificación da súa propiedade sita en Vilanova.
- 04.04.11.- Admisión a trámite da reclamación presentada por D. José Antonio Fernández González, para determinar a responsabilidade do Concello como consecuencia dos danos producidos no seu vehículo na estrada local Brión-Guldrís.
- 04.04.11.- Designación dos lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral.
- 04.04.11.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral dos partidos políticos.
- 04.04.11.- Convocatoria da XGL a celebrar o 5 de abril.
- 04.04.11.- Devolución da fianza definitiva do contrato Explotación do servizo de cafetería e xestión do edificio do Centro Social Polivalente de Brión por importe de 700 euros.
- 04.04.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.364,30 euros (Cable Europa SAU e Helvetia).
- 05.04.11.- Elevación a definitivo do acordo delegación de competencias tributarias na Deputación da Coruña, da xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.
- 05.04.11.- Baixa no Servizo de axuda no fogar básico dun veciño.
- 05.04.11.- Extinción do Servizo de xantar na casa dun veciño.
- 05.04.11.- Devolución do pago do ICIO da licenza para construír un edificio para doce vivendas, no lugar da Avda. de Noia 49, á empresa CASAS RÚSTICAS DEL ATLÁNTICO S.L. por importe de 10.440 euros.
- 05.04.11.- Devolución do pago do ICIO da licenza para construír un edificio para trece vivendas no lugar de Avenida dos Ánxeles nº 57, á empresa CASAS RÚSTICAS DEL ATLÁNTICO S.L. por importe de 12.720,00 €.
- 05.04.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 45,91 euros (C.P. Agro Novo).
- 06.04.11.- Aprobación da execución de sentenza e liquidación da indemnización pola infracción de dereitos de autor sen autorización da SGAE da cantidade de 15.894,67 euros, máis o importe total de 1.041,65 euros en concepto de xuros.

- 06.04.11.- Aprobación da certificación nº 10 da obra de Construción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe total de 226.253,96 euros.
- 06.04.11.- Contratación da xestión do edificio e funcionamento da cafetería no Centro Social Polivalente mediante o procedemento do contrato menor, adxudicando o presente contrato a don Pablo Becerra Suárez.
- 07.04.11.- Revocación da resolución de Alcaldía do 18 de marzo por non ser necesario a realización do contrato "SERVIZO BANCARIO DE CONTA CORRENTE SEPARADA PARA O PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2011".
- 07.04.11.- Recoñecemento do dereito a esixir o reintegro do pago efectuado á empresa IT-Projects, S.L. debido ao erro material consistente no pago por servizos efectivamente prestados pola empresa Noroeste Tecnoloxías IT Global S.L.
- 07.04.11.- Altas no Padrón correspondente ao mes de marzo.
- 07.04.11.- Baixas no Padrón correspondente ao mes de marzo.
- 07.04.11.- Liquidación da XGL celebrada o 5 de abril.
- 08.04.11.- Remisión de copia do expediente de responsabilidade patrimonial ao tribunal contencioso-administrativo polo recurso contencioso interposto por Ricardo Montero Fariña.
- 08.04.11.- Designación do Letrado Ramón V. López Rey para a defensa do Concello polo recurso contencioso-administrativo interposto por D. Ricardo Montero Fariña.
- 08.04.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.466,56 euros (facturas varias).
- 08.04.11.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico ó veciño.
- 08.04.11.- Adhesión á Rede de Dinamización Lingüística.
- 11.04.11.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.
- 11.04.11.- Paralización das obras de construción de peche de finca en Soigrex-a Os Ánxeles, por non axustarse ás condicións da licenza municipal de obras concedida.
- 11.04.11.- Extinción no servizo de xantar na casa a un veciño.
- 11.04.11.- Solicitud de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.
- 11.04.11.- Contratación de traballadores (8 peóns e 3 capataces) de duración determinada e a tempo completo.
- 11.04.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 531 euros (Química Industrial Mediterránea).
- 11.04.11.- Declarar a compensación da débeda tributaria nos termos solicitados por UNION FENOSA COMERCIAL S.L, por importe de 1.954,73 euros.
- 11.04.11.- Baixa nas Actividades de Obradoiro de Memoria e Obradoiro de Ximnasia Mantemento dunha veciña.
- 13.04.11.- Aprobación da liquidación de taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondentes ao mes de marzo.
- 13.04.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de marzo.
- 13.04.11.- Aprobación inicio de expediente de rectificación do inventario dos bens e dereitos pertencentes a esta entidade a 31 de decembro de 2010.
- 14.04.11.- Autorización ao voceiro do PP para examinar un expediente urbanístico.

15.04.11.- Convocatoria sesión ordinaria do Pleno a celebrar o 20 de abril.

15.04.11.- Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 25 de abril.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODELOS DE DECLARACIÓN PARA O REXISTRO DE INTERESES.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 4 de abril de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19 de abril de 2011, que transcrita di:

O artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local segundo a vixente redacción establece que os representantes locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo e tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos Plenos respectivos, se levarán a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao remate do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

Resultando que o Concello dispoñía duns modelos que por mor das constantes modificacións legislativas se atopaban obsoletos.

Confeccionados novos modelos para ambas declaracións e visto o informe de Secretaría, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar os modelos de declaración de bens patrimoniais e de causas de posible incompatibilidade e relación de actividades para o Rexistro de Intereses do Concello que de seguido se reproducen.

REXISTRO DE INTERESES.

DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS: (sinalar cun x o que proceda)

- ANTES DE TOMAR POSESIÓN.
- CON OCASIÓN DO CESE.
- AO FINAL DO MANDATO.
- CANDO SE MODIFIQUEN AS CIRCUNSTANCIAS DE FEITO.

Período: -- de ----- de 20-- ao -- de -- de 20--.

Declaración nº:

Data de presentación: _____ de _____ de 20--.

O/A Concelleiro/a electo/a

D/Dª:

DNI nº:

Domicilio:

Cumprindo o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 30 e 31 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formula a seguinte declaración dos seus bens patrimoniais, segundo detalle que a seguir se expresa:

1. IDENTIFICACIÓN DOS BENS MOBLES E INMOBLES INTEGRANTES DO PATRIMONIO PERSOAL, CON DESIGNACIÓN, NO SEU CASO, DA SÚA INSCRIPCIÓN REXISTRAL, E DATA DE ADQUISICIÓN DE CADA UN DELES.

Primeiro.- Bens mobles:

A) Valores mobiliarios:

B) Vehículos:

C) Semoventes:

D) Outros bens mobles:

Segundo.- Bens inmobles:

Fincas urbanas:

Fincas rústicas:

2. PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES DE TODO TIPO, CON INFORMACIÓN DAS SOCIEDADES POR ELAS PARTICIPADAS E DAS LIQUIDACIÓN DOS IMPOSTOS SOBRE RENDA, PATRIMONIO E, NO SEU CASO, SOCIEDADES:

Brión, _____ de _____ de 20--.

(Sinatura)

Dilixencia: Como Secretario desta Corporación, fago constar que a precedente declaración de bens patrimoniais foi presentada no Rexistro de Intereses no día desta data.

Brión, _____ de _____ 20--.

REXISTRO DE INTERESES.

CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E RELACIÓN DE ACTIVIDADES: (sinalar cun x o que proceda).

- ANTES DE TOMAR POSESIÓN.
- CON OCASIÓN DO CESE.

- AO FINAL DO MANDATO.
- CANDO SE MODIFIQUEN AS CIRCUNSTANCIAS DE FEITO.

Período: -- de -- de 20-- ao -- de -- de 20--

Declaración nº:

Data de presentación: _____ de _____ de 20--.

O/A Concelleiro/a electo/a

D/Dª:

DNI nº:

Domicilio:

Cumprindo o disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 30 e 31 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, formula a seguinte declaración:

Primeiro.- Causas de posible incompatibilidade (artigo 75 da Lei 7/1985 e art. 178 LO 5/85).

Segundo: - Relación de actividades e ocupacións profesionais, mercantís ou industriais, traballos por conta allea e outras fontes de ingresos privados, con especificación do seu ámbito e carácter dos empregos ou cargos que se ostenten en entidades privadas, así como o nome ou razón social das mesmas:

Terceiro: - Outros intereses ou actividades privadas que, aínda non sendo susceptibles de proporcionar ingresos, afecten ou estean en relación co ámbito de competencia da Corporación.

Brión, _____ de _____ de 20--.

(Sinatura)

Dilixencia: Como Secretario desta Corporación, fago constar que a precedente declaración sobre causas de posibles incompatibilidades e relación de actividades foi presentada no Rexistro de Intereses no día desta data.

Brión, _____ de _____ de 20--.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) DACIÓN DE CONTA E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO ESCRITO PRESENTADO POR PERSOAL DO CONCELLO.

Dada conta do escrito asinado por persoal do Concello de data 14 de abril de 2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 955, do 14.04.2011, que transcrito di:

Os traballadores/as do Concello de Brión queremos poñer de manifesto o noso total malestar e rexeitamento respecto das informacións divulgadas polo Partido Popular de Brión, nun recente boletín de índole electoralista repartido entre o conxunto da veciñanza municipal, nas que se verquían unha serie de insinuacións e acusacións contra compañeiros nosos e que, baixo ningún concepto, resultan aceptables.

Non podemos aceptar que, coa única intencionalidade de acadar beneficios electorais, se trate de utilizar aos traballadores municipais como argumentos da batalla política e que, con este fin, se utilicen de maneira demagóxica e electoralista unha serie de datos e informacións que, por outra banda, adoecen dunha evidente inexactitude e terxiversación. Neste senso, a meros efectos aclaratorios, e sen entrar no xogo demagóxico iniciado polo Partido Popular de Brión, compre lembrar que as retribucións da totalidade do persoal do Concello están fixadas conforme á normativa de aplicación, en relación coas características profesionais e funcionais dos postos desempeñados, e son de coñecemento público, sen que polo tanto exista sobre as mesmas ningún tipo de oscurantismo nin intencionalidade de ser ocultadas. Todo o persoal do Concello de Brión percibe as súas retribucións conforme co que aprobou no seu día o pleno da corporación, incluso cos votos favorables dos concelleiros do partido popular.

Algunhas destas acusacións infundadas non son novas, pois algúns funcionarios veñen sendo acosados despiadadamente por parte dos concelleiros populares desde hai tempo.

Ante esta situación, os traballadores/as do Concello de Brión queremos deixar patente a nosa total solidariedade cos compañeiros directamente aludidos polo Partido Popular no seu boletín informativo, resaltando a súa absoluta obxectividade, imparcialidade e profesionalidade no desempeño da súa labor como empregados públicos municipais.

Así mesmo, tamén queremos solicitar o amparo da Alcaldía, entendendo que, no seu papel de máximo responsable do persoal municipal, debe garantir a defensa dos empregados municipais fronte a este tipo de informacións, que supoñen un ataque

directo respecto do seu honor e profesionalidade, ao mesmo tempo que poñen en tela de xuízo a legalidade dos procedementos e actuacións da administración municipal.

Finalmente, esiximos do Partido Popular de Brión unha rectificación inmediata e pública, ao mesmo tempo que o invitamos a que abandone esta liña de actuación, deixando aos empregados municipais ao marxe da batalla política, e agardando que este tipo de situacións non se volvan repetir.

E por último, instamos a que por esa Alcaldía se dea conta do contido do presente escrito os diferentes grupos políticos municipais.

Debate:

Pola Alcaldía expónse que o escrito atópase asinado por por sesenta e sete traballadores do Concello e se trae ao Pleno para dar conta como se pide no escrito solicitando o amparo desta Alcaldía.

Engade que só quixera dicir o mínimo posible, paréceme indecente o que se verque nese panfleto do PP sobre os empregados municipais e que os traballadores do Concello demostran sempre a súa profesionalidade, nunca xamais tiveron constancia de que ningún funcionario tomase partido político, agás hai dúas horas en que vin a un traballador nas listas do Partido Popular. Tratando de sacar o tema do debate electoral esta Alcaldía emendou a proposta ditaminada pola Comisión Informativa e exercerá as accións legais que estime oportunas; en aras dun consenso por esta Alcaldía propónse a adopción do seguinte acordo, independentemente do que poida facer esta Alcaldía:

“” A Administración Pública, incluída a municipal, dentro da súa busca global do interese xeral, debe adecuar as súas actuacións e procedementos aos principios de obxectividade, profesionalidade, imparcialidade e legalidade. Principios que, de igual maneira, deben ser aplicables aos empregados públicos no desempeño das súas funcións.

A existencia dun cadro de persoal altamente profesional e cunhas pautas de comportamento plenamente obxectivas, imparciais e respectuosas coa legalidade, son a base para unha adecuada xestión das políticas públicas municipais e a consecución, por conseguinte, dun bo Goberno municipal, con independencia da cor política que, en diferentes momentos, este poida ter.

A realidade do Concello de Brión ven poñendo de manifesto a plena adecuación dos seus empregados aos mencionados principios, constatándose nos mesmos un

desempeño absolutamente profesional, obxectivo e imparcial das súas funcións, sendo actores fundamentais do proceso de transformación, modernización e do bo funcionamento da nosa administración municipal.

Polo tanto, resulta imprescindible garantir e seguir apostando polo mantemento deste modelo de administración, sen incorrer en actuacións ou actitudes que poidan debilitar ou poñer en tela de xuízo a profesionalidade, imparcialidade e obxectividade dos nosos empregados municipais e, por extensión, da propia administración municipal. Unha aposta na que os diferentes grupos políticos debemos asumir un papel fundamental, evitando involucrar na nosa lexítima discusión política aos empregados municipais que, en todo caso, deben adecuar a súa actuación ao interese xeral e, en ningún caso, aos diferentes intereses partidistas.

En vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propónlle ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Os grupos políticos municipais integrantes do Pleno municipal do Concello de Brión manifestan o seu absoluto compromiso coa defensa e garantía dun modelo de administración municipal baseado nos principios de obxectividade, imparcialidade, profesionalidade e legalidade, cuxo fin fundamental sexa a busca e satisfacción do interese xeral da nosa veciñanza.

2º) Os grupos políticos municipais integrantes do Pleno municipal do Concello de Brión se comprometen á non utilización electoralista e partidista dos empregados municipais, deixando aos mesmos ao marxe da batalla e debate político, evitando incorrer en actuacións ou actitudes que poidan debilitar ou poñer en tela de xuízo a súa profesionalidade, imparcialidade e obxectividade é, por extensión, da propia Administración municipal "".

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a proposta é diferente da ditaminada pola Comisión Informativa; engade que a vara de medir aos grupos políticos non é igual, que hai tempo houbo problemas coa policía municipal e tamén hai pouco cun traballador que tivo que renunciar ao seu posto de traballo e ninguén dixo nada; que eu levo máis de vinte e un anos de funcionario e nunca tiven ningún problema, que estou de acordo en separar unha cousa doutra, que unha cousa é falar de datos económicos dalgúns traballadores, cousa que a mín non me agrada e que procurarei que non se repita, pero outra cousa son actuacións dos encargados municipais, que non vemos lóxico como un capataz municipal pode facer obras en terreo público, sen licenza e non se lle fai nada, que hai condena a este traballador, tivo un arresto domiciliario, eu fixen vinte preguntas e se me dixo que era un asunto entre particulares, cando hai unha sentenza do 2004 que condena ao Concello a pagar os gastos pola defensa dun ben público, xusto porque son empregados municipais e se deben aos veciños e polo que non podemos calar.

Engade, ¿cal é o verdedeiro fin deste asunto?, facer paripé para que salga nos medios de comunicación a noticia ou defender aos traballadores do Concello, porque se é facer paripé sería prexudicial para os empregados porque o Partido Popular debería volver a tratar o asunto dos empregados municipais porque unha cousa é un panfleto e outra sair nos xornais. Remata sinalando que estou de acordo en separar os temas e estou de acordo con darlle a máxima estabilidade aos traballadores.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que isto é unha pataca quente traída nun momento inoportuno; eu creo que globalmente neste Concello os empregados públicos son excelentes profesionais e nós os grupos políticos non estamos para exercer de xefe de sección do seu traballo, iso lle corresponde ao Alcalde como xefe de persoal; engade que hai liñas que non podemos traspasar aínda que cando cometen un erro o dicimos.

Engade que a xente non nos pide iso, creo que se queren facer algo agora vostedes señores do PP deberían telo feito antes; eu non traería a Pleno este asunto, sobre todo neste momento, isto é apagar o lume con gasolina, parécenos inoportuno e gravísimo meter no debate político aos empregados públicos; dito isto digo tamén que comparto a súa postura porque non é agradable o que se di deles e incluso lle recomendaría a algún deles que se o consideran oportuno fosen aos tribunais e máis nada.

O Sr. Alcalde sinala que eu creo que non quedaba máis remedio que traer a Pleno isto porque se traspasaron os límites, vostede Sr. Tomé non vai cambiar, segue co mesmo, dicindo verdades a medias, non imos conseguir facelo mudar de opinión, que eu estaba convencido de que vostede ía pedir disculpas públicas, que iso non é cousa de dicir nunha taberna, que foi pensado e escrito nun boletín a conciencia, segue con cousas que pasaron hai dezaseis anos e poñeu en dúbida os soldos, síntome afectado porque existe unha relación de postos de traballo aprobada por unanimidade no Pleno; non vai haber máis debate, a súa intención é emporcar a vida municipal, igual é a liña do partido, non ímos consentilo, coincide coa liña de actuación dun concelleiro popular neste Concello e continúan co mesmo, e continúan coa liña de actuación do Partido Popular en concellos limítrofes e remata sinalando que creo que neste tema pasouse.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta da Alcaldía dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

5º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo formulado por escrito polo grupo municipal do PP:

1º) No verán do pasado ano, diversos veciños do lugar de Aguiar comunicáronnos que nese lugar tiñan unha necesidade relativa ao alumado. Na zona sinalada no plano adxunto, non existe ningunha farola de alumado público, tendo en conta que nese edificio existen diversas vivendas habitadas. Colocáronse por parte do Concello dúas farolas, pero sin saber o motivo, xusto diante de toda a fachada do edificio, nin no

lateral ao carón do camiño que sube para a parte alta da aldea, non se colocou ningunha farola.

Isto provoca loxicamente, que calquera veciño que suba ou baixe por ese camiño, teña as dificultades lóxicas que conleva a falla de alumado.

Respecto ao edificio e debido ao número de persoas que alí viven, e tendo en conta a cantidade de persoas, veciñas da aldea, que pasean e transitan por esas pistas, faise necesario a colocación de dúas ou tres farolas. Téñase en conta, que esa zona de noite, debido á grande cantidade de árbores que rodean o edificio, queda totalmente a oscuras.

Por outra banda, polas noites, son varios os vehículos dos inquilinos que quedan aparcados na estrada, e loxicamente ao non ter alumado poden sufrir calquera tipo de roubo ou gamberrada. Do mesmo xeito, para entrar nos dous portais do edificio, teñen que ir totalmente a oscuras, sorteando pedras e charcos.

Por boca dos veciños, en diversas ocasións pediron ao Concello que se lles colocase algunha farola, pero sin resposta positiva algunha. Tal é o punto, que o propietario do inmovible, asumiu o coste, e colocou dúas farolas pegadas na fachada do edificio, co fin de solventar o problema, alomenos, temporalmente. Correndo este particular, con tódolos gastos de mercar as farolas, máis o custo do mantemento mensual da luz, que por certo, a día de hoxe non é nada barato.

Pero por unha banda, é inxusto que uns veciños non teñan un alumado público e que un propietario, que paga os seus impostos, teña que mercar o material de iluminación e pagar tódolos meses, os recibos da luz para iluminar a estrada principal.

Por outra banda, cada vez que se funden as bombillas ou que hai calquera avaría, os veciños teñen que pasar varios días sin alumado, xa que o arranxo debe facelo o propietario, baixo o seu custo, e loxicamente non hai unha empresa municipal que o arranxe de inmediato.

Por parte deste grupo municipal, puidemos comprobar pola noite que a zona necesita alumado público. E realmente, dende o verán pasado no que se nos comentou por algún veciño, que iban novamente a solicitalo ao Concello, creíamos a que a día de hoxe, o problema xa estaría arranxado.

Pero estes días, outra vez máis, visitamos o lugar e comprobamos que estes veciños seguen nas mesmas condicións nas que estaban. É máis, incluso peor, xa que hai poucas semanas, alguén estragou as dúas farolas particulares, que estaban na fachada do edificio para alumar a estrada e parte do camiño que ven da parte alta da aldea.

Descoñecemos os motivos, pero o que está claro, é que fai falla e canto antes, arranxar este problema para estas persoas, xa que pola noite necesitan alumado no lugar, xa que as farolas máis cercanas, tan só alumar parte da estrada ou camiño, pero en cambio a zona onde están as vivendas e onde aparcan os vehículos, está totalmente desprotexida.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte Rogo:

Que se visite o lugar antes sinalado e marcado no plano adxunto, co fin de ver a necesidade real de farolas que se deberán colocar, para canto antes, arranxar este problema que están a sufrir os veciños dese lugar dende xa hai moito tempo.

Deste xeito, se roga que coloquen varias farolas conectadas ao alumado público, evitando problemas de visión e seguridade a todas estas persoas así como veciños en xeral da aldea, e evitando que sexa un propietario, quen teña que pagar do seu peto os recibos mensuais e posibles avarías por un alumado, que deberá ser público como tal servizo público que é.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que hai un erro no rogo posto que se fala de plano adxunto, pero non existe tal, se ben o lugar é sobradamente coñecido por todos.

O Sr. Alcalde sinala que se acepta para que xire visita o técnico e faga un informe do que haxa.

Rogos formulados verbalmente polo grupo municipal do PP:

1º) Sobre o campo de fútbol de Bastavales se aceptaron os terreos polo Concello e quedan só tres fincas de particulares, creo que sería boa idea que todas as terras sexan municipais para poder ter axudas doutras administracións e mellorar o campo de fútbol.

O Sr. Alcalde sinala que é un tema electoralista, que está mal informado, que hoxe en día é todo municipal, foi cedido polo Arcebispado e o resto está asentado en terreos de concentración parcelaria que foron cedidos para o campo de fútbol.

2º) Rogo sobre o campo de fútbol de Brión: Que hai torretas sen luz que funcionan mal e nos servizos tamén funcionan mal e rogo que se vexa se hai posibilidade de poñerlle viseira ás gradas que puxeron porque cando fai vento e chuvia a xente móllase, ver se é posible colocalo.

O Sr. Alcalde sinala que con respecto a este campo de fútbol ten unha pregunta o BNG, que vin na prensa que saíu vostede Presidente do Clube, que pode haber algunha luz fundida e por suposto que se porá, pero creo que ten luz e está en condicións.

Rogos e preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do BNG:

1º) O noso grupo quere saber se o Concello de Brión ten algún protocolo para o exterminio de toupas ou ratos nos xardíns públicos, xa que consideramos que todas as especies teñen dentro da cadea biolóxica un papel a cumprir e que envelenar con venenos tan agresivos para o medio non é desde logo ningunha solución, e menos se estamos a falar de lugares onde só hai verde, e non prexudican a ninguén. Porén si é preocupante non avisar aos habitantes do lugar destas medidas xa que poden acontecer desgrazas persoais, ou como aconteceu no caso de Agro Novo a morte dalgún animal de compañía.

Responde o Sr. Alcalde que é tempo electoral, e esta primeira pregunta parece típica do PP; engade que non teño nin idea, que nunca fixemos nada diso, nunca utilizamos veneno, o único que fixemos é desratizar os edificios públicos cando procede, seguindo os criterios de sanidade e remata sinalando que nós non facemos nada diso que se di na pregunta.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non sei por qué di que parece do PP e non nosa.

O Sr. Alcalde sinala que nos xornais saiu como feito polo Concello.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que segundo o informe veterinario morreu por raticida e nun terreo público e por iso o puxemos na prensa para que o Concello teña coñecemento diso, que non estamos acusando, supoñíamos que o Concello tería coñecemento diso e que claro que iso non pode ser.

O Sr. Alcalde sinala que nós non fomos, nin o fixemos nin o imos facer, pero que un can grande morra de súpeto é estrano, e remata sinalando que o Concello non botou ningún tipo de veneno en ningún terreo público.

2º) O consello local do BNG de Brión tomou a pasada semana o acordo de celebrar actos públicos abertos coa militancia e simpatizantes e con todos os veciños e veciñas nas diferentes parroquias do Concello. Estes actos buscaban as achegas da cidadanía de cara a elaborar un programa de goberno que recollera os problemas e as necesidades de todos e todas.

Con esta intención o responsábel local de Brión achegouse ao rexistro do Concello para solicitar a utilización dos diferentes locais sociais, locais sociais que segundo se recolle na páxina web da corporación, se atopan en todas as parroquias.

Nos pasados días comunicouse ao BNG de Brión unha resposta negativa a utilizar os locais sociais.

Queremos saber que perigo ve o Sr. Alcalde, que nun exercicio plenamente democrático, pretendamos charlar e informar á veciñanza sobre asuntos que consideramos importantes para ela, así como recoller as súas propostas ou suxestións que dalgunha maneira poidan mellorar a súa calidade de vida no noso Concello. Así mesmo queremos recordarle ao Sr. Alcalde que os locais sociais son de todos os veciños e de todas as veciñas do Concello e non da súa propiedade.

Responde o Sr. Alcalde que as razóns están no escrito de contestación debidamente motivadas, que foi presentado o día 21 para o día 23 e non sabíamos se había algún tipo de actividade ou non, que en Bastavales non temos local e tampouco nos Ánxeles e os que temos na parroquia de Brión teñen unha utilización diaria importante e que a Xunta Electoral de Zona cando sexa o momento disporá sobre a súa utilización.

3º) No centro da aldea do Alqueidón detrás da fonte-lavadoiro hai un pequeno terreo sobre o que existe un conflito sobre se é de propiedade pública ou particular. Queremos saber que información ten o Concello sobre este asunto.

Responde o Sr. Alcalde que pola parte traseira da ponte hai un terreo e hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 1997 onde marca perfectamente cal é a porción de terreo de propiedade municipal e que está marcado e inventariado.

4º) Queremos saber que acontece coa iluminación do campo de fútbol de Brión que resulta pouco eficaz en zonas do campo con pouca visibilidade, e cos aseos sen luz eléctrica.

Responde o Sr. Alcalde que non teño ningunha notificación de que haxa ningunha luz fundida, se hai algunha repoñerase, e remata sinalando que nos servizos hai luz.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que no centro do campo de fútbol hai moitísima escuridade.

O Sr. Alcalde responde que miraráse pero que hai un informe confeccionado polo arquitecto municipal que di que o grao de iluminación instalado é óptimo e dunha elevada intensidade, pode ocorrer que por cuestións de optimización, sentido común e de aforro enerxético, se opte en determinados momentos en poñer só en funcionamento parte da instalación, pero de tódolos xeitos entende que o grao de iluminación é eficaz.

5º) Os veciños e veciñas da Asociación Moendo Vivo pediron ao Concello que se instalara unha toma de corrente eléctrica nos muiños de Goiáns que están restaurando coas subvencións concedidas pola Deputación da Coruña. Queremos saber porqué o Concello non acepta esta petición, tratándose ademais dun proxecto de interese cultural, etnográfico e polo tanto de interese público para todos os brioneses e brionesas.

Responde o Sr. Alcalde que aceptouse a petición, tívose unha entrevista con eles e chegouse á conclusión de colocar non un punto de luz, senón un punto de toma.

6º) Dende o BNG de Brión sempre aplaudimos as medidas que favorezan o deporte, e en xeral a vida ao aire libre dos nosos nenos e nenas e da nosa xuventude, pero o que non chegamos a entender é o sentido da nova pista de patinaxe, xa que cando vimos facer o buraco pensamos que era algo serio e con utilidade, pero a nosa sorpresa foi maiúscula cando vimos o resultado final: un xuguetiño de cor azul que vai ser efémero e que é máis propio do patio dun colexio que dun parque público. Queremos saber quen foi o artífice deste inxenio, quizais por unha malsá curiosidade.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é moi pequeniña como din os rapaces.

O Sr. Alcalde sinala que non sentou ben o comentario nos autores do proxecto, que a idea xurdiu dos servizos técnicos municipais e que reúne as condicións legais segundo o informe elaborado polo arquitecto municipal.

7º) Na prensa puidemos ler unha información relativa ao comezo das obras da potabilizadora mancomunada entre Ames e Brión no río Tambre, na zona de Ponte Maceira, e quedamos abraiados ao ver que o terreo onde se localizará a planta non está expropiado (segundo este xornal), o que obriga a comezar de novo as obras seguindo outros criterios co conseguinte risco de que os prazos establecidos non se cumpran. Queremos saber que información ten o noso Concello sobre esta situación.

Responde o Sr. Alcalde que o Concello de Ames conseguiu practicamente todos os terreos para a potabilizadora, pero necesita facer unha expropiación e para elo necesitan o proxecto das obras que ten que facelo a UTE, que o Concello de Ames pediullo á UTE é a Xunta, que para que a Xunta lle autorice a expropiación necesitan o proxecto, se está pendente diso, necesitan o proxecto para que despois a Xunta lles autorice a expropiación.

O Sr. Alcalde sinala que este é o último Pleno ordinario deste mandato e quero desaxarlle sorte a todos os que se presentan e aos que non, gustárame dicir que quedei feliz de todo o que se fixo estes catro anos, pero desta vez non podo dicilo e é a primeira vez, e remata sinalando que grazas a todos e moita sorte.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.